

## A nosa cinza

FINA ROCA

A décimo terceira edición de *A nosa cinza* de Xavier Alcalá acaba de saír do prelo, da editorial Galaxia.

Follas Novas editou a primeira edición en 1980 e as dúas seguintes (1981-82), publicounas Ediciones NOS.

Galaxia compra os dereitos de autor en 1987 e edita as outras dez.

Catro portadas diferentes e 50.000 libros vendidos legalmente convierten a novela nun indiscutible best-sellerr da narrativa galega.

O de legalmente ven a conto porque, durante seis anos (1982-87) a novela publicouse clandestinamente en Pontevedra, cunha tirada anual de 5.000 exemplares ¡Curiosidade literaria para os coleccionistas...!Pregúntome, ¿quen foi o editor clandestino?.

A décima edición de Galaxia ten novidales. A primeira, un acertado cambio de portada. Un recordatorio da primeira comunión, da década dos cincuenta, sitúa ó lector no contexto histórico desta singular novela de denuncia social, naque o protagonista principal é un cativo rico, orfo de mai.

Un aprendiz de home que observa, con ollo fino, os dramáticos aconteceres e o absurdo comportamento dos adultos.

Un neno que vive nunha cidade na que a xente «vestía de uniforme ou de luito» (Ferrol del Caudillo), na que impera o Carasol cos brazos alzados en saúdo fascista e na que mandan os curas castrenses, coas súas castas beatas, e os militares sen conciencia. Tempos nos que ó roubar se chamaba requisar e ó matar pasear...

O segundo acerto editorial foi recupera-la novela na súa primeira pureza, omitindo as claves literarias das edicións anteriores.

Nesta edición só aparece o fermoso limiar de Carballo Calero e o texto do autor.

*A nosa cinza* cumpre, con creces, co requisito principal da literatura universal: entreter e encandilar, desde o principio ó fin.

A terceira novidade é a dedicatoria do autor ó malogrado xornalista e amigo Gerino Núñez.

O éxito da novela é tan grande que ata lle copian o título... Suso de Toro: *Unha pouca cinza* (1992) subvencionada pala Xunta de Galicia. Poño por caso.